



Varios tipos de embarcacións tradicionais (Foto: Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial)

Unha serie de accións encamiñadas a diversificar a actividade económica

A Deputación de Pontevedra mellorará a accesibilidade de portos e pantaláns posibilitando que a cultura marítima estea ao alcance de todos, especialmente das persoas con discapacidade

Converter o patrimonio marítimo nun reclamo turístico é un dos obxectivos que a Deputación Provincial de Pontevedra promove a través do programa Proamare, dado que favorece a diversificación da actividade económica e garante a valorización dos bens materiais e inmateriais a conservar.

Os socios do proxecto están traballando na creación dunha ruta por mar e por terra que una Galicia e o Norte de Portugal. O pasado 28 de xuño fíxose a experiencia piloto da Ruta Marítima Vigo-Viana.

Na páxina web do proxecto, www.promare.depo.es, xa está dispoñible a ruta por terra que atravesa o litoral da provincia de Pontevedra.

Trátase dunha ruta a medida pensada para realizala en vehículo ou a pé. En breve estará dispoñible a parte da ruta por terra que discorre polo norte de Portugal que a leva a cabo a Comunidade Intermunicipal do Miño-Lima.

Durante o presente exercicio de 2013 a Deputación de Pontevedra repartiu entre 15

« A Deputación pon en marcha un plan de promoción para difundir este recurso turístico-cultural

entidades e asociacións da provincia 50.000 euros destinados á rehabilitación ou mellora de embarcacións tradicionais.

Pola súa banda, a Fundación Gil Eannes está levando a cabo tamén a rehabilitación no navío hospital para a súa musealización.

Promoción

Todas estas accións van acompañadas dun plan de promoción para difundir de forma permanente e sostible este recurso turístico-cultural mediante a participación en feiras de carácter turístico e mostrando o potencial turístico do patrimonio marítimo a través das rutas piloto ou celebrando exhibicións de embarcacións tradicionais a ambos os dous lados da fronteira.



Unha ruta para descubrir a beleza do litoral de Pontevedra

A ruta discorre pola costa sur da ría de Arousa e polas rías de Pontevedra e Vigo, ao longo do seu percorrido poderemos visitar vilas e lugares nos que o mar constitúe a súa principal fonte de paisaxe e riqueza. A terra e o mar mestúranse neste tramo de costa deixando pequenos anacos de terra abandonados que forman fermosas illas, coma a de Arousa e a da Toxa, unidas ó continente por pontes. Ao longo da ruta atoparemos poboacións nas que aínda se poden apreciar os antigos barrios

de pescadores, que demostran a tradicional unión destas terras co mar. Ao sur da cidade de Vigo unha costa rectilínea, bordeada por montañas, camiña cara á desembocadura do Miño, que serve de límite con Portugal. Rompendo o tóxico da Galicia chuviosa o clima desta zona das Rías Baixas é distinto ao do resto de Galicia, concretamente no Baixo Miño, alí onde o río se funde co mar na fronteira de Portugal, case se poden garantir os ceos despexados ata setembro.



Embarcacións tradicionais (FGCMF)

Quince entidades da provincia recibiron axudas para a rehabilitación de embarcacións

A Deputación de Pontevedra mellorará a accesibilidade de portos e pantaláns cun elevado valor patrimonial, posibilitando que a cultura marítima estea ao alcance de todos, especialmente daquelas persoas con discapacidade.

En relación á rehabilitación de embarcacións tradicionais, a Deputación de Pontevedra publicou o 1 de marzo de 2013 no Boletín Oficial da Provincia (BOP), as bases de selección de embarcacións tradicionais da provincia de Pontevedra para a súa rehabilitación ou mellora de cara a fins de carácter turístico-cultural ou musealización.

ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS DA DEPUTACIÓN

- Asociación Recreativa e Cultural Sueste, Moaña
- Asociación Cultural Komaira, A Illa de Arousa
- Asociación Calmoreira, Cambados
- ACD Dorna, A Illa de Arousa
- ACDX Fasquía, A Illa de Arousa
- Concello do Grove
- Amigos da Dorna Meca, O Grove
- Asociación Amigos da Dorna de Portonovo, Sanxenxo
- Asociación Sodinática, Vigo
- Asociación Mariñeiros San Miguel de Bouzas, Vigo
- Clube Mariño Salnés, Cambados
- Asociación de Gameleiros Asodiña, Vigo
- Museo do Mar de Galicia, Vigo
- C.M. A Reiboia, Poio
- Asociación Amigos da dorna de Raxó, Poio